

REGRESO Á CASA

Durante sete anos Manuel Forcadela non deu ó prelo ningún libro de poesía, un silencio que se rompe agora con dous volumes avalados por candanseu galardón literario: *Morte do fadista* que leva o carimbo acreditativo de ter gañado o VIII Premio Espiral Maior -na primeira convocatoria en que se define como certame aberto a todos os creadores- e *Refutación da musa*, merecente do Aula de Poesía de Barcelona, feito que lle facilitará ser traducido a todas as linguas en que se admiten orixinais a concurso (castelán, catalán, italiano e portugués). Duplo é o reencontro do lector co verso de Forcadela e tamén o gozo dada a alta calidade destas dúas obras que comparten moitos dos rasgos xa manifestados no *corpus* do autor: a querencia polos lugares (Vigo sobre todo), o peso da memoria, a reflexión sobre o existir ou o desfile polos poemas de personaxes literarios, dos escritores amados.

Morte do fadista comeza cun texto paradigmático, tanto polo seu título “O regreso de Hibernia”, como pola mensaxe que contén a estrofa inicial: “*Falareivos da torre./ Non da torre posuída por un voo de néboa gris/ que se afasta na distancia como un trote de cabalos/ senón daquela outra que eu mesmo construíñ,/ baluarte e cidadela, garita e promontorio*”. Eis a declaración de intencións do eu poético a respecto dese vós-lectores a quen se dirixe, facéndonos partícipes de cal é a esencia dos versos: desentrañar os misterios desa torre simbólica que o representa no seu elevarse sobre o mundo. En *Morte do fadista* atopámonos cun autor que sabe darlle ó texto formas narrativas ou circunscribi-lo ós rixidos moldes da medida e a rima pois, tanto os poemas longos, como os máis líricos manteñen a tensión inherente a unha arte, a poesía, tan arcana como críptica. Non pode ser doutro xeito cando esta se entende como un sentarse “*a unha xanela dunha rúa da alma*”, plasmar o que alí acontece e, sobre todo, superpoñer novas máscaras a ese neno que no fondo se é. Personalidades como a do evanxalista quen, en *Refutación da musa*, vive unha serie de desencontros con Lidia, esa ninfa irreal dos poemas.

Así, tras enfrontar ó lector coa verdade espida -a certeza de que a musa non existe- en “Proemio”, primeiro texto de *Refutación da musa*, a figura de Lidia - interlocutora do eu- convértese en ídolo para o evanxalista que se fai o seu acólito. O encontro entre ambos, eu e musa, á fin, é motivo central da obra. Entrementres, o poeta trae ó verso a moitas figuras -literarias como Ana Karénina, Lolita, Penélope ou reais: Carlos Oroza, Caspar David Friedrich-, reescribe tópicos clásicos (Beatus Ille, Carpe Diem), utiliza a Baco como guía polos mundos decadentes e impregna os textos co eco dos grandes escritores: Flaubert, Kavafis... Mais tamén aparece a cotidianeidade, risco compartido con *Morte do fadista* e así, se nesta figuran Naomi

Campbell ou Maradona, en *Refutación da musa* o cine destrúe o bucolismo de “Égloga”. Non falta tampouco a veta lírica propia dun eu que ten os labios impregnados de púrpura e sofre o devalo dos outonos, a súa ferida existencial, querendo devolverlle ós vocablos a verdadeira natureza, resgatando esas palabras que “*Agora están fechadas no cárcere dun soño/ e mal poden abrir as bocas para o canto,/ mais son estas materias de brillos amatados,/ de opaca transparencia, de ínfimo valor,/ aquelas que perduran no río da pregaría/ e acenden luminosos, insólitos acordes,/ artífices do voo na fábula do outono*”.

TERESA SEARA *Tempos Novos*, 53, outubro 2001, p. 73